

# VIª CARREIRA POPULAR POR PARELLAS “O BARCONAMORA” 12/02/2017 O BARCO DE VALDEORRAS

O Centro Comercial Aberto O Barco, en colaboración coa Delegación F.G.A en Valdeorras e o Club ADAS-Proinor organiza a VIª Carreira Popular por Parellas “O Barconamora”, que se desenrolará o vindeiro 12 de Febreiro do 2017, de acordo o seguinte:

**PROBA OFICIAL DA F.G.A**

## CIRCUITO:

As distancias son orientativas e non homologadas.

O circuíto urbano consta de unha volta de 5.000 mts. aproximadamente. (**VER ANEXO**)

SAIDA e META estará situada na Praza José Otero en O Barco de Valdeorras.

## INSCRIPCIÓNS:

1º.- As inscricións absoluta para a carreira se realizará a través a web de CARREIRAS GALEGAS ( <http://www.carreirasgalegas.com/> ) ou nas **oficinas do Centro Comercial Aberto**, Praza de España en O Barco.

2º.- As INSCRIPCIONS deberán estar en poder da Organización antes das 23.00 h. do xoves 09 de Febreiro.

3º.- **As inscricións para a carreira serán de gratúitas.**

4º.- As inscricións dos cativos Prebenxamín, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete, faranse ata 30 minutos antes do inicio das probas, na propia secretaría da proba, sendo esta **inscrición gratúita.**

As carreiras de menores pertencen a fase previa do programa XOGADE da zona de Valdeorras.

5º.- -A retirada de dorsais realizarase na secretaría habilitada para tal fin, na **Praza José Otero no Concello de O Barco, de 10 a 11.00 h.**

**AGRADECESE QUE SE FAGAN CON ANTERIORIDADE**

## REGULAMENTO:

1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenrolo da proba.

As parellas que participen na Carreira absoluta irán atadas polos pulsos cun lazo que se entregará, xunto cos dorsais.

2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuíto que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser **descalificados**.

3º.-As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 40 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

4º.-Será motivo de **descalificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, manipular o dorsal, falsificar datos persoais.

5º.-Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento.

6º.- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.

7º.- A organización dispoñerá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.**

8º.- O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

9º.- Todo o non previsto na presente normativa se rexerá polas normas de competición da **FGA, RFEA e IAAF** para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

## PREMIOS:

- ✓ Trofeos as tres primeiras parellas das categorías de parellas masculina, feminina e mixta.
- ✓ Nas carreiras Infantil, Alevíns, Benxamíns e Prebenxamíns entregaranse medallas para tódolos participantes ata chegar os 20 primeiros de cada categoría.
- ✓ Sorteos entre os participantes.

## CATEGORIAS:

Na carreira absoluta, que será por parellas, establécense as seguintes categorías:  
Os nados-as no 2003 en diante.

- ✓ Categoría parella mixta (home+muller).
- ✓ Categoría parella masculina (home+home)
- ✓ Categoría parella feminina (muller+muller)

## HORARIO E DISTANCIAS:

12.00H	PARELLAS ABSOLUTAS MASC. e FEM.	Dende o 2003 en diante	5.000 M
13.00H	INFANTIL MAC. E FEM.	2004 e 2005	1.000 M
13.10H	ALEVIN MASC. E FEM.	2006 e 2007	500 M
13.20H	BENXAMIN MASC. e FEM.	2008 e 2009	300 M
13.25H	PITUFOS MASC.e FEM.	2010 e anteriores	100 M
13.30H	ENTREGA DE TROFEOS		

## CIRCUITO:

O circuío consta de unha volta de **5.000 m.**  
SAIDA e META estará situada na Praza José Otero do Concello de O Barco.

## ORGANIZA:



## COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA



CONCELLO DE O BARCO  
DEPORTES



Carreiras Galegas

**VIª CARREIRA POPULAR POR PARELLAS**  
**" O BARCONAMORA "**  
**12/02/2017**

**CARREIRA PARELLAS ABSOLUTA**  
**1 VOLTA.....5.000 M.**

**SAIDA E META**  
**PRAZA JOSE OTERO**

**ORGANIZA:**



**COLABORAN:**



**CONCELLO DE O BARCO**  
**DEPORTES**



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA**  
**E INDUSTRIA**